

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CON10I02B	CON/1/2016	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar febreiro-2016 a xuño-2016.

TIPO DE LICITACIÓN:

Almorzo: 1,92€ máis IVE.

Xantar: 5,18 € euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 1 febreiro 2016, ás 9:30 Horas.

ASISTENTES:


Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA..
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	29-01-2016	4.104	GALICIA VELLA INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.
2	29-01-2016	4.209	SERUNION
3	29-01-2016	4.254	UTE IN9 EVENTOS S.L. – JOSE FAJARDO S.L.



En primeiro término, e a solicitude de distintos membros da mesa, lévase a cabo unha breve exposición dos trámites seguidos ata este momento no expediente, esencialmente sobre a publicidade que se lle deu ó mesmo, as empresas invitadas a participar polo Concello e as que solicitaron invitación por sí mesmas.

Ante esta explicación, o representante na mesa do grupo municipal popular, adheríndose posteriormente os representantes do BNG e do PSOE, quere manifestar para que conste en acta a súa sorpresa e extrañeza a que se teña invitado a participar nesta licitación á empresa SERUNIÓN, que renunciou a adxudicación do primeiro dos expedientes tramitados con este mesmo obxecto, alegando a imposibilidade de asumir o servizo por motivos de carga de traballo.

A pesares desta afirmación, continuou prestando o servizo durante todo este tempo sen aparente cobertura legal, o que parece evidentemente entrar en contradicción cos motivos alegados, e considerando, ademais, que nesa mesma licitación a correspondente mesa de contratación acordou que "o órgano de contratación debe analizar as circunstancias concorrentes para valorar si se trata dunha retirada indebida na que media dolo, culpa ou negligencia da empresa , en cuxo caso procedería a declaración da prohibición de contratar co Concello de Santiago mediante a tramitación do expediente correspondente", sen que ata o de agora se tivera coñecemento das actuacións realizadas a este respecto.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I02B	<i>Expediente</i> CON/1/2016	

Toma entón a palabra o presidente da mesa para sinalar que unha vez que a empresa SERUNIÓN manifestou a súa disposición e interese en participar na licitación, non era posible legalmente impedírllo, polo que se decidiu invitalos a realizar unha oferta, como así se fixo con outras empresas interesadas.

Seguidamente, a mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da documentación requerida no apartado 12 de prego de cláusulas de aplicación, isto é, a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, así como tamén a acreditativa da súa solvencia técnica e económica.

As empresas GALICIA VELLA e SERUNIÓN presentan correctamente a súa documentación, aportando o certificado acreditativo de estar en posesión dunha clasificación adecuada a este tipo de contrato (Grupo M subgrupo 6 categoría d) e, acompañando, así mesmo, certificados de boa execución que acreditan a súa experiencia en xestión de servizos análogos.

Seguidamente procédese a examinar a documentación presentada pola UTE IN9 EVENTOS S.L. – JOSE FAJARDO SL.

Analizada a solvencia económica, que acreditan ambas empresas coas súas contas anuais, verifícase que cumpren perfectamente os parámetros fixados no prego de aplicación.

Non ocorre así sen embargo coa súa solvencia técnica. Co obxecto de acreditala, presentan certificados de boa execución de servizos prestados nos últimos cinco anos, de acordo tamén co requerido no prego, así como o certificado acreditativo da clasificación empresarial dunha das compoñentes da UTE, JOSE FAJARDO SL, que entende que é abondo para avalar a súa capacidade para un contrato das características do que nos ocupa.

Sendo admisible a posibilidade de acreditar a solvencia por medio dunha clasificación apropiada, aínda que esta non sexa esixible, como fixeron os outros dous licitadores, resulta que a empresa JOSE FAJARDO SL axustaríase ó requerido polo que respecta ó grupo (M) e subgrupo (6), que esencialmente califican o tipo de servizo, pero non polo que se refire á categoría (b), que califica a contía dos contratos que as empresas teñen capacidade para asumir. Así, esta empresa está en posesión dunha clasificación que a habilita para a prestación de servizos de hostelería e comida dunha contía de entre 150.000 ata 300.000 euros anuais, cando neste contrato a contía anual é de 750.000 euros. Aínda acudindo a unha interpretación máis laxa e utilizando a referencia do valor estimado vinculado a duración prevista para este contrato concreto, que sería de 375.000 euros, a clasificación acreditada da empresa non sería abondo.

Polo tanto, e xa que a súa clasificación non avala a súa solvencia para a xestión deste servizo concreto, a mesa procede ó análise dos certificados de boa execución presentados. Sendo formalmente válidos, a mesa entende que ningún deles nin todos no seu conxunto permiten afirmar que a empresa teña a solvencia técnica esixible.

Ningún dos servizos acreditados prestados pola empresa JOSE FAJARDO SL nos últimos cinco anos ten unhas condicións análogas a xestión do servizo de comedores escolares. Resultan ser organización de eventos puntuais, aparentemente nun só día ou en poucos, que non implican xestión diaria e continuada, sendo esta capacidade de organización a característica esencial e a grande dificultade deste contrato, polo que non se consideran traballos directamente relacionados co obxecto do contrato tal e como esixe o prego de aplicación.

Así mesmo, e aínda máis, estes servizos que acredita son de moi pequena contía, tamén incluso no seu conxunto, e aislados no tempo, derivando de ahí e establecéndose unha relación directa coa súa xa anteriormente mencionada clasificación dentro da categoría b pola xunta consultiva de contratación administrativa, entendendo razoablemente que de ser suficiente os servizos aportados xa terían recoñecida unha categoría superior.

Sí que relaciona (sen documento acreditativo) un servizo de comedores infantís de verán dirixido a colectivos desfavorecidos, contratado por Cáritas parroquial de Boiro, pero que pola súa pequena contía e excepcionalidade dentro do global de traballos non se considera suficiente para avalar por sí solo un contrato destas características.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	
CON10I02B	CON/1/2016	

A outra empresa compoñente da UTE IN9 EVENTOS SL presenta certificados que, aínda sendo de maior contía, adolecen do mesmo defecto esencial, ó ter por obxecto a organización de eventos de importante entidade pero de novo non relacionados directamente co obxecto deste contrato, que é a xestión dun servizo de comedores escolares e non a organización de eventos que impliquen a prestación dun servizo de comidas.

Polo tanto, a mesa, entendendo que nun contrato destas características, cunha finalidade última tan delicada, como é a de dar de comer a nenos en idade escolar, deben extremarse as esixencias que permitan garantir que a empresa adjudicataria reúne os requisitos de solvencia mínimos e imprescindibles, acorda, por unanimidade dos seus membros, excluír da licitación a oferta presentada pola UTE IN9 EVENTOS S.L. – JOSE FAJARDO S.L. .


A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO ALMORZO (euros IVE excluído)	PREZO XANTAR (euros IVE excluído)	CANON
1	GALICIA VELLA INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.	1,90	5,05	0,10 %
2	SERUNION	1,83	5,13	0,50 %

Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.

As 10:11 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I02B	<i>Expediente</i> CON/1/2016	

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: GALICIA VELLA INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.

LICITACIÓN: Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016.

TIPO DE LICITACIÓN: Almorzo: 1,92€
Xantar: 5,18 € euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 1 febreiro 2016, ás 10:12 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz
Vocales: D. Rafael Peña representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, Técnico de Educación
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. José Ignacio Pascual García

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- Ratifícase na oferta presentada.

Sendo as 10:13 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: José Ignacio Pascual García

Representante da empresa **GALICIA VELLA INVERSIONES Y LOGISTICA S.L**

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I02B	<i>Expediente</i> CON/1/2016	

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 2: SERUNION

LICITACIÓN: Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016.

TIPO DE LICITACIÓN: Almorzo: 1,92€
Xantar: 5,18 € euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 1 febreiro 2016, ás 10:14Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales: D. Rafael Peña representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP

D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG

D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, Técnico de Educación

Dña. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Jorge Cid Pérez.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- Ratifícase na oferta presentada.

Sendo as 10:15 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: Jorge Cid Pérez
Representante da empresa **SERUNION**



Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON10I02B	<i>Expediente</i> CON/1/2016	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016.

TIPO DE LICITACIÓN: Almorzo: 1,92€
Xantar: 5,18 € euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 1 febreiro 2016, ás 10:20 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz

Vocales: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, analizan os resultados dos actos individualizados de negociación levados a cabo cos distintos licitadores admitidos, realizando os cálculos económicos precisos, dos que se incorporará informe escrito ó expediente.

Resultando que a oferta máis vantaxosa das admitidas é finalmente a da empresa SERUNIÓN, os representantes na mesa dos grupos PP, BNG e PSOE, reiteran a súa disconformidade con feito de que o Concello invitara a participar na licitación a unha empresa que renunciara previamente a adxudicación deste mesmo servizo, entendendo que podería ter incluso un dubidoso encaixe legal, polo que propoñen que se lle requira unha xustificación a este cambio de actitude e que esta circunstancia se valore pola Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación, con carácter previo a adxudicación do contrato

En definitiva, a mesa de contratación **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola UTE IN9 EVENTOS S.L. – JOSE FAJARDO S.L., por carecer da solvencia técnica mínima e imprescindible para a xestión dun servizo destas características.

SEGUNDO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador SERUNION SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 1'83 euros IVE aparte para o almorzo, 5'13 euros IVE aparte para o xantar e un canon a abonar ó Concello do 0'50 % sobre a súa retribución, para que dentro do prazo de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARÍA DA MESA
SANTIAGO

XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. PERÍODO ESCOLAR FEBREIRO A XUÑO DE 2016

Emítese o seguinte informe co obxecto de valorar as ofertas presentadas ao procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas (páxina 7).

Os criterios de negociación son:

- A proposición económica que se ofrece: ata 90 puntos.
- O canon anual proposto: 0 a 10 puntos.

As empresas que presentan oferta e cumpren os requisitos, son:

Serunion S.A	CIF A 59376574
Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L	CIF B 36932309

1.- Proposición económica que se ofrece: ata 90 puntos.

As empresas clasificáronse por orde de mellor a peor, segundo o criterio de "precio máis baixo da oferta". Outorgando a máxima puntuación- 90 puntos- á oferta máis baixa dos prezos propostos, aplicando á outra oferta a seguinte fórmula:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

P_n: Puntuación da oferta

P_m: Puntuación máxima posible (90 puntos)


O_b: Importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar

Se tomamos como referencia os datos de almozos e xantares recollidos no estudo económico (páxina 4) e os días lectivos, resulta que:

200 almozos diarios x 88 días lectivos= 17.600 almozos

750 xantares diarios x 88 días lectivos = 66.000 xantares



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Oferta de Seruni3n

Prezo almorzo	1,83 €
Prezo xantar	5,13 €

1,83 € x 17.600 almorzos = 32.208
5,13 € x 66.000 xantares = 338.580
370.788 €

Oferta de Galicia Vella

Prezo almorzo	1,90 €
Prezo xantar	5,05 €

1,90 € x 17.600 almorzos = 33.440
5,05 € x 66.000 xantares = 333.300
366.740

Resulta que:

Galicia Vella	33.440 + 333.300 = 366.740 €
Serunion	32.208 + 338.580 = 370.788 €

Galicia Vella:

$$P_n = (90 \text{ puntos} \times 366.740) / 366.740 = 90 \text{ puntos}$$

Serunion:

$$P_n = (90 \text{ puntos} \times 366.740) / 370.788 = 89,01 \text{ puntos}$$

2.- Canon anual proposto: 0 a 10 puntos.

Outorgouse 10 puntos ao mellor porcentaxe de canon ofertado a aboar ao concello, valorandose a outra oferta de xeito directamente proporcional:

	Oferta canon
Serunion	0,50 %
Galicia Vella	0,10 %

10 puntos -----0,5 %
X -----0,1 %

X = 2

Serunion	0,50 %	10 puntos
Galicia Vella	0,10 %	2 puntos

RESUME DE PUNTOS

EMPRESA	PROPOSICION ECONÓMICA	CANON	TOTAL PUNTOS
Serunion	89,01	10 puntos	99,01
Galicia Vella	90	2 puntos	92,00

Como resultado da suma de puntuacións, a empresa Serunión S.A.obtén a maior puntuación das empresas obxecto de valoración neste Informe, cun total de 99,01 puntos.

Santiago de Compostela a 1 de febreiro de 2016.

O Xefe do Departamento de Educación
e Cidadanía

Asdo.: Xosé M. Rodríguez Abella Gómez

A técnica de Educación e Cidadanía

Asdo.: Beatriz Varela Morales

